

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº95/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de outubro/ Estado micolóxico

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

**NOTA:** En moitas das novas, a carón do título, irá a data na que foi redactada.



Poderíase aproveitar a estancia do **Grupo Ibérico de Anillamiento** para Actividades en Ons. Páx. 1



Os arranxos que se fan no verán, deberían ter en conta a meteoroloxía auniense de cara ao inverno. Páx. 2

Novo libro de **Fernando Alonso Romero**, dedicando un capítulo ás dornas, entre elas, ás de Ons. Páx. 2



**Os Piornos**  
Elementos etnográficos que necesitan protección. Páx. 4

Parques arranza e pinta o **lavadoiro de Caño**.  
**Ons na Memoria**, o lavadoiro de Caño despois da súa inauguración. Páx. 3



**Salgadoiro de Suxestións**  
Que lixo xeraba Ons antes da chegada do turismo?. Páx. 4



**Boias de seguridade nas praias de Sanxenxo**  
Primeiro foi Aitor, agora o Kirk, canto durarán as boias na súa ancoraxe? Dende principios de setembro podían ser retiradas. Páx. 5



**Cal é a Galicia máis Fermosa?**  
Contestan dende Ons. Páx. 6



**Arqueoloxía no Parque Nacional**  
Os xestores do Parque é a Uvigo están a realizar un importante traballo arqueolóxico nas illas do Parque Nacional. Páx. 7



**I Premio Investigación e Cultura Marítima**  
Luís Rei Páx.6

**Faro de Ons: Necesario Centro Cultural.** Páx. 8



Última hora.  
Páx. 9

## ONS, ILLA DENTRO DUN PARQUE NACIONAL ACTIVO

Moitas veces, aínda que queiras estar pendente de todo o que ocorre nun lugar, como neste caso na illa de Ons, sempre hai algo que se escapa á túa percepción. Miras a unhas persoas vestidas de xeito diferente e que supós que están realizando algún traballo especial, pero como non liches nada ao respecto, nin viches ningún tipo de información sobre actividade algunha,..., non pasan desapercibidos, pero case.

Quizais, como é o caso que vou comentar, cando pasa un tempo e aparece a noticia, ou de casualidade decátaste, é cando dáste conta de que perdistes unha oportunidade de compartir con eles experiencias, colaborar dalgún xeito, interesarte polo seu traballo,..., e aprender algo máis grazas a esa actividade.

Pois este é o caso, que segundo puider ler, xa levan arredor de 11 anos vindo (*Grupo Ibérico de Anillamiento*) e desenvolven en Ons, durante o mes de setembro normalmente, unha actividade de voluntariado dedicado ao seguimento da migración de passeriformes.

Considéroa unha magnífica actividade tendente a coñecer máis polo miúdo o paso migratorio de aves por Ons. Este grupo está composto por voluntarios que, supoño cando se anotan, son persoas que están dentro dese mundo ornitológico e, tamén deduzo, que están dirixidos por persoal especializado e que a Xunta, por medio da Consellería de Medio Ambiente, Parques e quizais Xuventude, préstalle o seu apoio en infraestrutura para o tempo que están investigando na illa.

VOLUNTARIADOS del GRUPO IBÉRICO DE ANILLAMIENTO en PARQUES NACIONALES

PARQUE NACIONAL MARITIMO-TERRESTRE  
**ISLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

SEGUIMIENTO DE LA MIGRACIÓN DE LOS PASERIFORMES:  
Estación de anillamiento de esfuerzo constante

ACTIVIDADES

- Anillamiento científico de passeriformes
- Recorridos de censo y otras actividades de seguimiento

TURNOS:

- 1 Del 1 al 11 de SEPTIEMBRE
- 2 Del 11 al 21 de SEPTIEMBRE
- 3 Del 21 de SEPTIEMBRE al 1 de OCTUBRE



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA  
GOBIERNO AUTÓNOMO DE GALICIA  
ISLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA  
CONSELERÍA DE MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XUVENTUDE  
CIA

## UN PARQUE ACTIVO

(25/09/2024)

Por isto de dar unha suxestión, un *Técnico Cultural Dinamizador*, se existira no Parque, aproveitaría a estancia en Ons destes voluntarios para realizar algunha actividade dirixida a veciños e visitantes interesados e que pasaría a ser unha Actividade máis, proposta polo Parque.

É de supoñer que dirixindo a eses voluntarios haberá algún especialista en cada unha das quedas. O Parque pon á súa disposición infraestrutura. Pois non sería nada fóra do normal, solicitarlles e organizar, polo menos unha xornada en cada queda no Centro de Visitantes da Illa, para que deran unha charla sobre o seu traballo acompañada de fotografía, vídeo ou documental, e despois, segundo conveña, de mañá ou tarde, poder acompañalos, con todas as precaucións, ao desenvolvemento do seu traballo de anelamento.

Eu penso que non é nada complicado e, ademais sabendo que esta actividade a realizan todos os anos polo mes de setembro, podería organizarse con antelación, darlle a publicidade necesaria,..., e que os interesados podan organizarse para achegarse a Ons, ese día ou días, a participar **ACTIVAMENTE** nun Parque Nacional.

É simplemente unha Suxestión, que pode ser aplicable ás moitas Actividades que grupos de diferentes especialidades, Arqueolóxica por exemplo, desenvolven cada certo tempo na Illa de Ons e nas demais illas do Parque.

Animo aos responsables do Parque a contratar a un *Técnico Dinamizador* que sexa quen de organizar Actividades na procura de conseguir que os visitantes que van a Ons, veñan a un *Parque Nacional Activo* e que todos eses proxectos queden reflectidos en papel ou dixital para que calquera persoa, investigador,..., interesado os poida visualizar.



Un dos paxaros capturados na Illa de Ons que, despois de anelado, son postos en liberdade. Foto: Xunta de Galicia. 2015




**IMPORTANTE Á HORA DE FACER ARRANXOS.** (27/09/2024)  
 Na foto da esquerda, arriba, vemos como se atopaba un pequeno camiño a carón do Bar Pirata. Na de abaixo observamos o arranxo que fixeron no mes de xullo.  
 Non imos a dicir que quedou mal, ao contrario, pero o que fixeron foi pisar a terra e non fortalecelo para evitar, cando veñan as choivas do inverno, que esa terra acabe no C. de Visitantes e o camiño volva a estar como antes e aínda con máis anchura.  
 Non tardou moito a primeira choiva forte (Aitor), que caeu só un día e provocou o que podemos ver na foto da dereita. Tan pronto cheguen un par de choivas máis, xa temos o camiño como antes.  
 Penso que, de facer algo, facelo ben, tendo en conta a climatoloxía e a pendente do terreo.



**O GRAN MAQUI, PESCADOR DE SALMÓNS EN ISLANDIA** (21/09/2024)

De novo, os irmáns Maquieira desprazáronse ata Islandia para practicar o deporte que lles apáisoa, a pesca. Desta houbo sorte e colleron algún salmón. Nós dende aquí, axudámoslle coas nosas pregarías, por iso de ver se hai sorte e podemos degustar algún deles afumado. O que si nos enviaron foron un bo número de fotos da capital Reikiavik cunhas preciosas Auroras Boreais.

**LOS germanos navegantes**  
 y la arribada de los suevos a Galicia



**LOS GERMANOS NAVEGANTES Y LA ARRIBADA DE LOS SUEVOS A GALICIA**

Novo libro de Fernando Alonso Romero, do que conta que: *“Pouca ou ningunha atención prestáronlle os historiadores ás relacións marítimas que tiña o pobo suevo nun amplo territorio ao que chamaban Gallaecia, situado no noroeste da Península Ibérica...”*

Esta dividido en varios capítulos, sendo no terceiro: *«Algunhas características étnicas e artesanais do pobo suevo»*, onde a partir da páx. 117 e ata a 150 podemos ler un bo número de interesantes datos sobre a Dorna de Ons.

Aparte da dedicatoria persoal que me fai ao principio do libro, tamén na páx. 195, no apartado de Agradecementos, onde despois de dedicarlle unha preciosas palabras á súa muller pola axuda prestada para superar unha grave enfermidade e rematar posteriormente de escribir o libro, tamén teño a honra de ser nomeado xunto ao antropólogo Staffan Mörling, dicindo: *“A Tino Pardellas de Blas por su información sobre la dorna”*, referíndose claro está ás dornas da Illa de Ons, o pouco que eu puíden recompilar sobre elas.

(28/09/2024)



### LAVADOIRO DE CAÑO (ONS)

(1/10/2024)

Na foto da esquerda (*Tinón*) o lavadoiro do Caño tal e como se atopaba no mes de xullo de 2024. Na da dereita (*Parques*), o mesmo lavadoiro a finais do mes de setembro 2024 despois de ser limpadado e pintado por Parques. Aínda que o tema dos lavadoiros de Ons xa foi comentado con anterioridade, este verán no nº 90 – Páx. 3 de Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/90/onstopus-90.pdf> p , volvía a tocar o tema, pois despois dun pequeno paseo, puiden comprobar o estado lamentable no que estaban o lavadoiro do Caño en xeral e o de Canexol nas súas augas. Comentaba daquela que o Concello de Bueu puxera unha placa informativa cos nomes dos lavadoiros, pero o que non sabía, porque nin concello nin Parques queren poñer claro sobre o papel cales son as Competencias en Ons de cada organismo, era a quen terían que dirixirse os veciños ou calquera outra persoa para notificar o estado no que se atopaban, co fin de que os limparan e adecuaran.

Teño claro que os traballadores de Parques, puntualmente, informan sobre as problemáticas e incidencias que ocorren na Illa de xeito periódico, despois, dende outras instancias e, supoño, por orde de prioridade e presuposto, encargarán o seu arranxo. Polo visto aquí, fai pensar que a competencia do arranxo e reformas dos lavadoiros de Ons é da Consellería, pois do contrario, é de supoñer que informarían do seu estado e pedirían ao Concello de Bueu a súa mellora.

Aínda que agora os veciños non usan os lavadoiros, son unha peza fundamental do conxunto Etnográfico-Cultural da Illa de Ons e tamén do Natural, pois ao seu carón desenvólvese o Proxecto de mellora de hábitat de anfibios.



### ONS NA MEMORIA.

### O LAVADOIRO DO BARRIO DE CAÑO RECÉN CONTRUÍDO

(2/10/2024)

Sería un tema moi interesante, facer un pequeno estudo de investigación sobre a problemática, anterior á construción dos lavadoiros (mediados s.XX) que existiría na Illa para o lavado da roupa: como se facía, onde,..., e a parte etnográfica que neles se daban, xa que se convertían nun lugar ideal para fabular. *Foto: Cedida ADPP.*

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

(4/10/2024)

Con certa alegría, recibía dun lector un email con dúas suxestións. Ao lelas, puiden comprobar que hai lectores que se preocupan das problemáticas da Illa e que len, en profundidade e intentando sacar conclusións, este minixornal.

A primeira dicía: "... e no nº 93 manifestabas, con referencia á charla sobre Colonización que impartiron na illa, que ías a dar as túas ideas sobre a reflexión que o conferenciante aportou de *-moderar o crecemento poboacional de Ons-*. Como no número seguinte non comentaches nada e considero o asunto interesante, era para preguntarche se o vas facer neste seguinte nº 95".

Tes toda a razón, e vou dar unha explicación: Púxenme a redactalo e dinme conta que, para explicalo ben, necesitaba un longo espazo, cousa que non quero neste minixornal, no que pretendo sexa de pequenas novas. Como a cuestión é interesante, pensei en realizalo nun pequeno artigo en Aunios xunto con outro compañeiro pero, segundo como vai en artigos o novo AUNIOS nº 30, coidamos que non vai a quedar espazo, polo que espero escribilo noutras revistas da que son colaborador. Cando o teña publicado, porei o enlace en Onstopus.

Na segunda suxestión enviada, pregunta: "**No último número 94, en referencia ao lixo, afirmas: *-falamos da case inexistencia, antes da chegada do turismo-*. Que queres dicir, que antes da chegada do turismo a Ons, non se xeraba lixo?**"

É un xeito de falar que vou explicar moi resumido: A vida en Ons foi moi precaria ata os anos 80 ou case 90 s.XX. O que chamariamos lixo industrial (lavadoras, frigoríficos,...) non existía porque non había luz nin auga corrente nas casas. O cristal, sobre todo botellas, había que devolvelas, polo que na casa habería algunha en uso, vasos, pratos,..., ao romper, os cristais ían para algún lugar que non prexudicara. Á compra ían con bolsa de tela e a mercadoría a envolvían, polo xeral, en papel, pouco plástico empregábase. O cartón, nas casas era case inexistente, algunha caixa para gardar cousas, o restante para prender o lume da lareira ou, simplemente queimalo nela, como tamén o papel traído da compra. O lixo orgánico, que non utilizaban para alimentar aos animais domésticos da casa, ía para o quinteiro e ao final servía de estrume. O pouco aceite que se utilizaba, consumíase ata o final e logo gardábase para, entre outras, facer xabón.

A materia prima máis importante era a madeira, pois a mellor, servía para arranxos na casa (chan, mobles,...), a outra para queimar na lareira dando algo de luz, calor e para facer a comida, á vez de servir de "cubo do lixo" para cartón, papel e ata plástico cando xa non se utilizaba. O ferro, era aproveitado para múltiples usos, dende os somieres vellos para peches, ata para calquera cousa que podamos imaxinar,..., e se non lle servía a un, servíalle a outro. Poderíamos ver certos utensilios ciscados, pero, en pouco ían buscarlle unha utilidade. As redes de pesca, para peches. ...

É por iso, que dun xeito metafórico, o lixo non existía ata o boom do turismo. De todos os xeitos, son moi importantes as túas preguntas e podo dicir que este tema do lixo, como o tratado anteriormente dos lavadoiros, como o que vou comentar sobre os piornos,..., como moitos outros referentes á vida en Ons, darían para interesantes artigos monográficos sobre estas temática en concreto: social, etnográfica e antropolóxica.



Fotos: Esquerda: Redes vellas para pechar fincas. Centro: Estrume. Dereita: Somieres para peches.

## OS PIORNOS DA ILLA DE ONS

(4/10/2024)

A finais do mes de setembro, celebrábase na Estrada o *III Encontro Internacional sobre Graneros Elevados*, é dicir, sobre os Piornos, onde Galicia ten moito que dicir, pois segundo os expertos: "*Atesoura uns 100.000, pero perdeu o orgullo por eles*". O obxectivo destes encontros é: "*Tender redes para profundar no coñecemento deste tipo de construcións e potenciar a súa protección e posta en valor. ..., a perda de poboación do rural é o seu peor inimigo...*"

O tema dos piornos de Ons tamén tocouse en varias ocasións, pois viamos como ían deteriorándose, caendo e desaparecendo a medida que os veciños xa non traballaban as súas terras pola falla de infraestrutura.

Fixen/fixemos importantes reivindicacións para que o único piorno de madeira que quedaba, aínda nos anos 90, non desaparecera, pero as administracións xestoras da Illa fixeron oídos xordos.

Máis tarde, a medida que algún ía desmontándose pola falla de uso, meteoroloxía ou descoído dos seus propietarios, seguimos coas nosas reivindicacións para a súa recuperación, tendo en conta que, daquela, anualmente había axudas para o seu arranxo que cubrían perfectamente a reforma total. Nada se fixo.

Estamos aínda a tempo, *os xestores* terían que tomar cartas no asunto.



Piorno do barrio de Canexol. Arriba en perfecto estado. Abaixo, cando aínda se podía recuperar. Hoxe desaparecido. Fallo de xestión.



### **BOIAS DE SEGURIDADE NAS PRAIAS DE NOALLA- SANXENXO**

Neste precioso solpor sobre a Illa de Ons dende a praia de Pragueira en Noalla, podemos intuír, na orella, as boias de seguridade que puxeron na praia a principios do verán.

Todos os anos, chegado o mes de xuño ou principios de xullo, instalan as boias de separación para bañistas-navegación nas praias de Sanxenxo, entre as que están a de Pragueira e Major, onde vivo.

Tamén, todos os anos, coincide algunha marusía durante o verán, e esas boias sofren un deterioro ou desprazamento. Puiden comprobar nestes anos pasados que, cando



ocorre, non veñen a arranxalas, polo que, hai veráns que xa dende principios de xullo, quedan deterioradas.

Chama a atención, aínda que quizais ese non sexa o seu cometido, que os socorristas que están na mesma praia ou os que andan na lancha pneumática percorrendo todas as praias que lle corresponden do municipio, e teñen que ver o tema, non dean parte para que ese problema se solucione no momento que ocorre.

Á vez tamén, todos os anos chegado o mes de setembro e sobre todo despois do comezo das clases, a estas praias a afluencia de bañistas é mínima, os socorristas xa marchan case a principios de mes e esas boias, podemos dicir, que xa non son necesarias.

Estes pasados anos, os temporais, marusías, cicloxéneses e danas, aparecen moi cedo, normalmente xa a principios do mes de setembro, e cando aparecen, senón é na primeira é na segunda, as boias pequenas de entrada (foto da esquerda arriba) e as grandes de sinalización (foto da esquerda abaixo), comezan a desprenderse e a aparecer na praia e nos cantís ciscadas, e aínda así, cando as primeiras sóltanse e o informamos, nin así veñen a quitalas.

Pois ben, este verán foi moi tranquilo, co que as boias están perfectamente no seu sitio (fotos da esquerda sacadas despois do Aitor). O Aitor moveunas un pouco, pero están ben. Coido que xa sería o momento de vir a quitalas, pois como veña outro un pouco máis duro e coincida con marusía, comezarán a desprenderse, como estes pasados anos.

Sigo sen entender como o concello ou a empresa adjudicataria, non as saca, pois do contrario se as perde, como estes anteriores anos, que ganancias teñen se ao ano seguinte hai que repoñelas? Están a facer un gasto inútil.

Á vez, as que se desprenden e non as levan das praias, esnaquízanse contra as rochas do cantil, provocando anacos de plástico que andarán flotando e poden ser ingeridos pola fauna mariña da contorna de Ons-Sanxenxo.



Boias soltas na praia de Major, a carón da de Pragueira, no inverno de 2024.



**ÚNETE AO FERMOSSISMO? *Aínda que nós sigamos practicando o FEISMO.* (Xunta de Galicia) (4/10/2024)**

Sei, positivamente, que algúns dos lectores, sobre todo os que están máis ligados á administración, tan pronto miren esta nova, o primeiro que farán é englobarme nalgunha posición política, non polo bo ou malo da noticia, senón porque é un xeito de defensa ante o que, a simple vista, é evidente.

Nun periódico galego, a toda páxina, que custa un diñeiral, e cos cartos de todos, agás que llo poñan gratis por algún motivo, a Xunta insire este anuncio sobre a práctica do *fermosismo* e, sen embargo, onde a Xunta, por medio da súa Consellería de Medio Ambiente, ten todas as competencias, practica o contrario do que predica, o *feismo*.

De verdade que no barrio de Pereiró, na Illa de Ons (Parque Nacional), cunha das Arquitecturas Popular Mariñeiras, mellor conservadas de todo o litoral peninsular, os enxeñeiros (Xunta de Galicia) non podían buscar un lugar máis adecuado para decretar a colocación dos contadores de luz e auga nas casas? Só habería que estender os cables un pouco máis e disimulalas nas partes traseiras ou nos laterais, sen vista ao camiño.

O peor de todo isto, é que os galegos (entre os que están os veciños da Illa), non sei por que, ante estas cousas incuestionables, quedamos calados ou coidamos que non son de interese. Pois que teñan por seguro, que se esa aberración dentro da fermosa arquitectura da Illa, fixéraa un veciño de Ons pola súa conta, xa tería a denuncia da Xunta e a obriga de ocultalas fóra da fachada, cara a vista, da súa vivenda. Os enxeñeiros da Xunta, farán o mesmo por toda a Illa? O anuncio pon, ante a pregunta: **Cal é a Galicia máis fermosa?**

*“Aquela que practica o fermosismo e protexe a súa paisaxe e a súa contorna, respectando as cores, formas e materiais tradicionais para seguir construíndo ao estilo Galicia.*

*Se che gustan as cousas ben feitas. Únete ao Fermosismo”.*




**I PREMIO DE INVESTIGACIÓN E CULTURA MARÍTIMA  
LUÍS REI**



**DOUS EVENTOS INTERESANTES EN O GROVE**

Como pobo vinculado ao mar e que axuda, protexe e homenaxea a aqueles mecos que o defenden, van seguir, con motivo da Festa do Marisco, co ciclo Cultivando o Mar, nomeando ao Grove como **CAPITAL DOS RECURSOS MARIÑOS E AMBIENTAIS**.

Tamén, e ben merecido que o ten, o Concello de O Grove organiza o **I Premio de Investigación e Cultura Marítima LUÍS REI**. Persoa que, por desgraza, perdemos moi novo, e que dedicou a súa vida a esa angueira cultural.



## A ARQUEOLOXÍA NO PARQUE NACIONAL

<ESCAVACIÓN NAS ILLAS CÍES> (7/10/2024)

Como xa teño explicado, dende principios dos anos 80 s.XX, levo/levamos solicitando, aos diferentes organismos que administraron a Illa, que se atendera o campo histórico e arqueolóxico de Ons.

Foi un requirimento arduo e laborioso que durou case 30 anos, ata que os responsables de Parques, con bastante timidez ao principio, comezaron a apoiar a idea, subvencionando o magnífico traballo de recompilación e catalogación do Patrimonio Histórico-Arqueolóxico de Ons e das demais illas do Parque realizado por Paula Ballesteros no ano 2009.

Posteriormente, 2011, a saída a luz do libro de Miguel San Clodio sobre a Arqueoloxía Subacuática do Parque.

No 2014 Paula Ballesteros e Cristina Sánchez, realizan un magnífico traballo histórico-etnográfico sobre a Illa: “Ons unha Illa habitada” (Incipit-CSIC).

E, agás algunha actuación puntual máis como a posta en valor da Tapadeira da Laxe do Crego no Centro de Visitantes da Illa, non vai ser ata 7 anos máis tarde, cando o **GEAAT** capitaneados polo Arqueólogo **Adolfo Fernández** e o seu equipo, comeza as primeiras escavacións na Salga de Canexol, 2011, e nos anos seguintes, ata a data 2024, no Castro de Canexol, cuns logros máis que sorprendentes.

(<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/28/onstopus-28.pdf> Neste Onstopus fixen un Especial Arqueoloxía. Nº 28. 2º xornal mes de abril 2011)

A importante profesionalidade deste grupo de arqueólogos/as e os resultados obtidos, animaron aos responsables do Parque a continuar con estas escavacións en Ons, onde tamén intentaron prospeccións no que se coñece como Castro de Cova do Lobo (nun principio con resultados negativos) e a facer intentos nas illas de Sálvora e Cortegada.

Agora, neste mes de outubro, comezaron os traballos nas Illas Cíes. Estamos á espera de resultados, que supoñemos que, como en Ons, serán moi satisfactorios, e que nos vaian comunicando como van as escavacións.

Tamén hai que resaltar en Ons a creación da Sala de Arqueoloxía no Centro de Visitantes e unha Ruta Arqueolóxica coñecida como “Vía dos Múrices” que esperamos para este inverno e posteriormente en Semana Santa, xa estea a pleno rendemento organizando excursións especializadas sobre temática arqueolóxica, con charlas, proxeccións e itinerarios.

Á espera de novas sobre estas escavacións, só queda darlle os máis sinceros **PARABÉNS** aos responsables do Parque Nacional pola aposta a prol da Arqueoloxía nas Illas do Parque.

**Fotos:** Primeiras instantáneas facilitadas polo Parque Nacional das escavacións en Cíes.



Tan pronto tivo coñecemento destas novas escavacións en Cíes, Fernando Alonso Romero, expresou: “... significativa información en la que se resalta la importancia arqueológica de las islas. Han pasado más de sesenta años desde que el maestro y arqueólogo aficionado Pedro Díaz Álvarez resaltó en varios de sus trabajos la importancia arqueológica de Cíes. Al fin, se está reconociendo el valor que tiene ese patrimonio arqueológico isleño.”

# XEM

VI XORNADAS ETNOGRÁFICAS DO MORRAZO  
MÚSICA, BAILE, TRAXE E CONCIENCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL

22 DE SETEMBRO, 5 E 6 DE OUTUBRO DE 2024

### Xornadas Etnográficas e Día Mundial das Aves

Interesantes actividades nas que participa o Concello de Bueu. Que pena, que en actividades como estas, non teñan en conta á Illa de Ons, coa importancia que ten en cada unha delas e pertencendo ao seu municipio. Será tamén que para realizar Actividades Culturais, o Concello tampouco teña competencias na Illa?

**5 - 6 DE OUTUBRO 2024**  
**Día Mundial das Aves**

**SÁBADO 5 DE OUTUBRO**

- 10.30: Taller Inicialización Pintura de Natureza con Jose Arcas  
Público Adulto e Maiores de 15 Anos
- 11.00 h: Paseo para Familias "As Aves"  
Público Familiar (Menores a partir de 6 Anos)
- 17.00 h: Obradoiro Infantil "Comedeiros para Aves"  
Público Familiar (Menores a partir de 4 Anos)

**DOMINGO 6 DE OUTUBRO**

- 10.30 h: Xornada Didáctica de Inicialización ás Aves.  
Público Adulto e Maiores de 15 Anos
- 12.00 h: Obradoiro Infantil "Aves Mariñas"  
Público Familiar (Menores a partir de 4 Anos)

**INFO/INSCRIPCIÓN:**  
WWW.ALADOS.ES  
info@alados.es

**ALADOS**

**CONCELLO DE BUEU**

**CONSELERÍA DE CULTURA DO GOBERNO GALEGO**

**COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIÇA**

**COMUNIDADE EUROPEA**



# FARO de ONS

## SUXESTIÓN DUN LECTOR

Amigo Pardellas, moi importante o labor que estades desenvolvendo con respecto ao Faro de Ons.

Unha idea que se me ocorreu, é que nas instalacións que propoñedes para Biblioteca, tamén se poden utilizar, polas persoas que vaian a Ons a realizar as actividades ou eventos que se organicen dentro do Parque Nacional, como *Espazo Coworking*, onde se poda compaxinar a realización desas actividades e o traballo a distancia, que pode estar relacionado coa programación proposta polo Parque ou particular de cada un, podendo atender ao seu traballo e, á vez, participar nas actividades propostas.

*(Traballar en Coworking che permite estar en contacto con persoas de diferentes sectores, perfís, experiencias e visións, que poden aportar novas ideas, perspectivas e solucións para proxectos.)*

*Gardián da nosa costa*



# ÚLTIMA HORA

Cando, pola mañá de hoxe día 9, estaba a piques de enviar este número, xurdiron unha serie de novas que coidei, había que comentar xa neste Onstopus e non esperar a final de mes.

## A ÁRBORE DOS/DAS ARTESÁNS, CLAUDICOU.

## O ARRANXO DE BAIXADA VAI POR MAL CAMIÑO.



Comentaba un Camawuaino-Artesán-Músico: “Un estandarte illán Aguantou ata o final. Grazas pola túa sombra e beleza, irmán. Eternamente agradecido e no recordo, o teu ABAZO-ABRIGO para sempre. Varu”

O Kirk, puido con esta emblemática árbore, xa estaba tocada, era a que quedaba dunha plantación de hai case 40 anos e que daba acubillo e sombra aos veciños e visitantes. O noso *Tabo*, escribiu: “Imos a botarte de menos. Eras un remanso de sombra e paz para os camiñantes cansados. Parques, plantade dous!!!!”.

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

#### Admisión a trámite e publicación

##### 1 10646 (12/PDC-000006)

Sobre os futuros usos para o faro da illa de Ons

35298

##### 1 10647 (12/PDC-000007)

Sobre o estado en que está o desenvolvemento das obras da depuradora da illa de Ons

35309

##### 1 10648 (12/PDC-000008)

Sobre as actuacións previstas para dar continuidade ás escavacións no castro da illa de Ons, restaurar a capela de San Xaquín e poñer en valor o patrimonio cultural desta illa

35312

##### 1 10649 (12/PDC-000009)

Sobre o estado en que están as obras licitadas coa denominación de «acondicionamento da illa de Ons, Parque Natural Marítimo-Terrestre da Illa de Ons, concello de Bueu, provincia de Pontevedra, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»

35319

35271


A finais de setembro, eran admitidas a trámite as preguntas de iniciativa popular presentadas por Adrián Ferrer, ás que nos referiamos no anterior Onstopus nº 94. Páx. 1: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/94/onstopus-94.pdf>.

Hoxe comunicoume Adrián que ningún Grupo as fixo súas. Que desgraza ten esta Illa, todos os Partidos cos seus principais cabezas de lista achegáronse a Bueu para reunirse cos veciños antes das eleccións pedíndolles o voto e prometendo montes e moreas. Agora, non saben non contestan. Que clase de persoas se presentan ás eleccións?

Peirao de Ons. O Kirk o 9 de outubro. Este ano aínda non quitaron a varanda. Resistirá!!! *Foto: Parque Nacional.*



Na páxina 5 deste Onstopus, escribía o 28/09 sobre as boias. Hoxe o Kirk, en Pragueira, mandounas todas á praia, 9 boias grandes, e as pequenas están a piques. Pagará do seu peto o alcalde de Sanxenxo esta torpeza, ou pagarémola todos os que habitamos neste concello? Dende principios de setembro no hai socorristas, pero si deixou as boias un mes máis, sen bañistas. Quen pagará este delito ambiental?



Na páxina 2 deste Onstopus, falaba do arranxo do camiño que rentes ao bar Pirata, anchearon e pisaron este verán. Comentaba que coas primeiras choivas (Aitor) a auga xa fixera o seu camiño, e dicía que, canto viñera o segundo temporal, mirariamos o que ía pasar. Kirk chegou e ancheou un pouco máis o camiño que fixo no primeiro. Que pasará cando chegue o terceiro?

